

# De Ninghures estrea mañá, martes 17, 'A Burriña', o segundo adianto do seu novo traballo discográfico

A banda continúa a avanzar coa súa particular renovación da tradición, e desta quenda presentan un tema que aborda a imaxe do traballo das mulleres

A peza, da que a formación publicou este domingo un avance no seu perfil en Instagram, poderase escoitar desde as 00.00h do día 17 nas plataformas dixitais



Portada de *A burriña*, a nova creación de De Ninghures

**16 de decembro 2024.-** De Ninghures afonda na súa aposta pola renovación das músicas de raíz e por crear un novo camiño na actualización da tradición, cos pés na terra mais desde un prisma contemporáneo. Este martes, 17 de decembro, a formación dará a coñecer [A Burriña](#), unha peza que aborda a imaxe do traballo da muller e que se presentará coma un torrente de forza, ategado de cordas vibrantes e país.

O tema, o segundo avance do novo traballo discográfico da banda -que verá a luz nos primeiros meses de 2025, e do que xa se coñece [Corazón alionado](#)-, está producido por

Juan de Dios Martín e poderase escoitar [a partir das 00.00 horas deste martes 17 nas principais plataformas dixitais](#). A formación publicou onte, día 15, [no seu perfil de Instagram](#), un pequeno adianto do que o público descubrirá esta noite.

Ao igual que *Corazón alionado*, o tema que a banda deu a coñecer no mes de novembro, [A Burriña](#) é unha peza cun marcado carácter, e que a través de letras propias e da revisión de coplas tradicionais, aborda a imaxe do traballo da muller e a súa falta de recoñecemento malia o seu esforzo silencioso, constante e necesario.

## **De Ninghures**

De Ninghures fan música cos pés na terra e os brazos abertos. Son unha das bandas referentes da potente e rica escena actual en Galicia. Un grupo que mestura maestría musical e actitude desenfadada, que sorprende en cada canción coas súas diferentes voces e a súa actualización das coplas e melodías populares, e que nos fai tanto bailar como emocionarnos coa súa particular fusión da música tradicional galega con ritmos e inspiracións doutras culturas como a latinoamericana ou a magrebí.

En 2022 publicaron *Aquí*, o seu primeiro álbum, e máis de medio cento de concertos e algúns sinxelos despois - coma o exitoso *Morena*, galardoado como Mellor Música do Ano en Galicia nos Premios Ari(t)mar, ou a enérxica muiñeira de montaña *Poço-*, a comezos de 2025 presentarán traballo novo, do que xa se coñece [Corazón alionado](#).

**Pregarda [A Burriña](#) nas principais plataformas dixitais**

**Kit de prensa de [De Ninghures](#)**

**Contacto de prensa de De Ninghures**

Lucía Pita | 675 404 321

[lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)